

SEMENTANDO VIDA

E se de agora en diante
todas as árbores que sementemos
mudan nun xeito novo
de romper barreiras
de relacionarnos
eliminando a violencia
e o desamor que acaba coa vida
das mulleres?

E se de agora en diante
todas as árbores que sementemos
alimentan á terra que as acolle
e as súas raíces
esparécense polo mundo adiante
eliminando a violencia
e o desamor que acaba coa vida
das mulleres?

E se de agora en diante
todas as árbores que sementemos
unen as súas polas no ar
nunha danza solemne
de alento por alento
eliminando a violencia
e o desamor que acaba coa vida
das mulleres?

E se de agora en diante
todas as árbores que sementemos
converten os seus troncos
na cobertura que arroupe
unha sensibilidade nova
eliminando a violencia
e o desamor que acaba coa vida
das mulleres?

E se de agora en diante
todas as árbores que sementemos
gardan nos seus froitos
as memorias presentes e futuras
dunha humanidade que respire
eliminando a violencia
e o desamor que acaba coa vida
das mulleres?

Sementemos vida sen descanso
eliminando a violencia
e o desamor que acaba coa vida
das mulleres!!